







Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia

CURSO COTSG

**PROFESIONAIS DOS SERVIZOS SOCIAIS
NA ADMINISTRACIÓN DA XUSTIZA.
ELABORACIÓN DE INFORMES TÉCNICOS**




- 
- 
- 01.** RESUMO DO CURSO
 - 02.** OBXECTIVOS
 - 03.** CONTIDOS FORMATIVOS
 - 04.** PERSOAS DESTINATARIAS
 - 05.** CALENDARIO
 - 06.** METODOLOXÍA
 - 07.** AVALIACIÓN
 - 08.** DOCENTES



ÍNDICE

RESUMO DO CURSO




40 horas



Del 28 de septiembre al 23
de octubre
Sesiones online **20,21 y 23**
de octubre



Formación en línea



RESUMO DO CURSO

Os Servizos Sociais son o conxunto de recursos e prestacións orientados a garantir o dereito á protección social e mellorar o benestar das persoas na súa contorna. Configurados como un pilar esencial do estado de benestar, constitúen o primeiro nivel de referencia para avaliar necesidades e previr situacións de vulnerabilidade, promovendo en todo momento a cohesión social, a solidariedade e o pleno desenvolvemento dos dereitos da cidadanía.

Entre os seus obxectivos principais atópanse a prevención, detección e atención de situacións de risco, desprotección, dependencia ou exclusión social, buscando compensar a falta de apoio social e fomentar a inclusión das persoas e familias. Para iso, desempeñan funcións de intervención en diversos ámbitos, tales como a protección de menores, a atención á dependencia e a abordaxe de situacións de violencia de xénero, interxeracional ou entre iguais.

Así mesmo, como administración pública, teñen o deber legal de colaborar coa xustiza en virtude do artigo 141 da Lei 40/2015. Devida a esta obrigaón, os seus profesionais deben acudir aos chamamentos xudiciais, achegar informes técnicos para mellor prover nos procedementos e por de inmediato en coñecemento da Fiscalía ou dos xulgados calquera feito delictivo ou situación de risco e desprotección que detecten.


CAPACIDADES

- Capacidade para realizar informes técnicos co fin de responder a peticións xudiciais, así como para poñer en coñecemento de Fiscalía situacións de risco, desprotección, vulnerabilidade, solicitar medidas cautelares, etc.
- Capacidade para coñecer o proceso avaliativo e metodolóxico para a realización dos informes técnicos ante distintas situacións.
- Capacidade para emitir os informes técnicos con precisión, rigor e calidade.
- Capacidade para defender, no seu caso, o informe en sede xudicial.




OBXECTIVOS

- **Ofrecer** unha formación que permita adquirir competencias na elaboración de Informes Técnicos que poden ser requiridos pola autoridade xudicial.
- **Contextualizar** o rol da profesional de servizos sociais ante a Administración de Xustiza.
- **Dotar** de ferramentas metodolóxicas para a elaboración dos informes técnicos.
- **Ofrecer** pautas e metodoloxía para a defensa dos informes, no seu caso, na vista oral.





CONTIDOS FORMATIVOS



MÓDULO 1: Marco Lexislativo:

- 1.1. Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro de Protección Xurídica do Menor.
- 1.2. Lei 8/2021, do 2 de xuño, pola que se reforma a lexislación civil procesual para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica.
- 1.3. Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. 1.3. Lei 12/2023, do 24 de maio, polo dereito á vivenda.

MÓDULO 2: Profesionais dos Servizos Sociais no ámbito da Administración de Xustiza. O deber de colaboración:

- 2.1. Definindo conceptos: Auto xudicial, Sentenza; Providencia; Cédula de citación; Oficio; Denuncia, Demanda.
- 2.2. As profesionais de servizos sociais como testemuñas peritas.
- 2.3. A ética profesional no ámbito xudicial.

MÓDULO 3: O Ditame Pericial social e o Informe Técnico: características diferenciadoras:

- 3.1. Definindo conceptos.
- 3.2. Características diferenciadoras

MÓDULO 4: Informes Técnicos emitidos por Servizos Sociais a petición xudicial.

- 4.1. Informes de vulnerabilidade (vivenda); desamparo; medidas de apoio a persoas con discapacidade, violencia de xénero.
- 4.2. Protocolos de actuación.

MÓDULO 5: Proceso metodolóxico de avaliación para a realización dos informes técnicos dirixidos a sede xudicial:

- 5.1. Características do informe social.
- 5.2. Protocolo de avaliación social.
- 5.3. Técnicas e instrumentos.
- 5.4. Redacción do informe.
- 5.5. Estrutura do informe.

MÓDULO 6: A comparecencia das profesionais de Servizos Sociais en sede xudicial.

- 6.1. Defensa do informe.
- 6.2. Actuar como testemuña perita.
- 6.3. Claves para a defensa do informe técnico.

MÓDULO 7: Actuacións a realizar desde Servizos Sociais perante o xulgado por situacións de risco:

- 7.1. Obrigación legal de poñer en coñecemento do Ministerio Fiscal situacións de risco.
- 7.2. Solicitude de medidas cautelares; solicitude de ingresos non voluntarios; solicitude de adopción de medidas de apoio xudiciais; comunicación de feitos que poidan ser determinantes de inadecuado exercicio de medidas de apoio xudiciais; outros.

PERSOAS DESTINATARIAS

Preferentemente traballadoras/es sociais colexiadas no COTSG e alumnado do último curso do grao. Tamén poderán acceder profesionais de outros Colexios oficiais ou de outras profesións relacionadas co ámbito do social.




CALENDARIO


Inicio do curso o 28 de setembro de 2026

Fin do curso o 23 de outubro de 2026

O formato deste curso é en formación en liña con sesións en liña os días 20 e 21 de outubro de 17:00 a 20:30 e o día 23 de outubro de 17:00 a 20:00 horas.



METODOLOXÍA



O curso consta de 40 horas, onde 30 son teóricas en modalidade asincrónica a través da plataforma Moodle, e 10 prácticas en modalidade sincrónica.


No desenvolvemento da parte teórica, o alumnado terá que realizar cada semana dúas achegas ao foro, obrigatorias, relativas ao módulo correspondente. Así mesmo, hase de realizar un cuestionario tipo test de cada módulo. Estes cuestionarios han de estar ao 100% correctos, podéndose repetir tantas veces como sexa necesario, non dándose por válidos ata conseguir todas as respostas correctas. Todas estas actividades son obrigatorias.

Tanto as achegas semanais como o cuestionario han de realizarse na semana correspondente ao módulo que se estea a traballar. Cada luns, ás 8 da mañá, abrírase o módulo respectivo, o foro e o cuestionario correspondente a dito módulo e pecharase, ás 00:00 horas, o foro e o cuestionario do módulo da semana anterior; é dicir, dispónse de oito días para a realización de ambas as dúas actividades. En caso de que nese tempo non se fagan estas actividades xa non se poderán realizar xa que se pecha o foro e o cuestionario da semana anterior. As actividades non se envían de forma directa ao alumnado.

Ao rematar a parte teórica terán lugar as sesións presenciais en modalidade sincrónica, de 10 horas de duración. Estas sesións teñen lugar en tres días en horario de tarde, dúas sesións de 17 a 20:30 horas e un día de 17 a 20 horas.

Ao ser sesións presenciais é obrigatorio ter a cámara acendida, sen excepción, e dispoñer de micrófono durante todas elas; en caso contrario, non se poderán certificar as mesmas. Así mesmo, estas sesións non se poden simultanear con actividade profesional, nin con calquera outra actividade. En caso de non asistir a estas sesións (con xustificación ou non), as mesmas non se poden substituír por ningunha outra actividade.

AVALIACIÓN



Estarase **APTA ou APTO** no curso se:

- Na parte teórica online: se realizaron todas as achegas semanais e todos os cuestionarios ao 100% correctos, dentro dos prazos establecidos no calendario do curso.
- Na parte práctica (sesións virtuais): se asistiu, polo menos, ao 80% das horas establecidas para estas sesións.

Estarase **NON APTA ou NON APTO** no curso se:

- Na parte teórica online: non se realizaron todas as achegas semanais e todos os cuestionarios ao 100% correctos dentro dos prazos establecidos no calendario do curso.
- Na parte práctica (sesións virtuais): non se asistiu, polo menos, ao 80% das horas establecidas para estas sesións.

Para que se poida acreditar a asistencia ás sesións sincrónicas, é obrigatorio dispoñer de cámara, a cal ha de estar acendida (sen excepción) ao longo de todas as horas lectivas; así mesmo, hase de dispoñer de micrófono.

O curso non se certifica por partes, para poder superar o curso e optar ao certificado hase de realizar o curso completo; para iso hãñse de ter todas as achegas aos foros semanais feitas, todos os cuestionarios dos módulos realizados ao 100% correctos sen excepción, e asistir ás sesións presenciais virtuais.




JOSEFA

Traballadora Social. Criminóloga. Perita Social. Mentora en peritaxe social.

“Granadina de adopción, trabajadora social por vocación. Apasionada de y por mi trabajo. Desde hace 22 años embarcada en la apasionante aventura del ejercicio libre del Trabajo Social. Viviendo experiencias continuas de aprendizaje, creación y superación profesional”

MORENO





Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia

COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA

Rúa Dublín, 6, baixo. 15707 Santiago
de Compostela

981 568 100

info@traballosocial.gal

www.traballosocial.gal

facebook.com/COTSdeGalicia

[@cotsgalicia](https://twitter.com/cotsgalicia)

